



MUSEO
DE BELAS ARTES
DA CORUÑA



Un museo polo miúdo



Un museo polo miúdo

Como xurdiu o Museo de Belas Artes da Coruña? Que pezas conforman a súa colección? Que persoas traballan nel e cales son as súas funcións? Para que serve un museo?

Con este proxecto resolveremos todas as cuestións plantexadas anteriormente ademais de coñecer algúns dos seus **segredos** e **curiosidades**. Para iso, establecemos tres bloques temáticos que xiran arredor da súa **historia**, a súa **colección** e as diferentes **funcións** que ten o museo e os/as **profesionais** que as desenvolven.

Tras coñecer as ideas previas do alumnado sobre o museo, partiremos de **explicacións teóricas** para propoñer **actividades** coas que traballar os diferentes contidos de cada bloque e coñecer dun xeito próximo a realidade da nosa institución.

Como exercicio final, volveremos sobre todo o aprendido para deseñar o noso propio **museo imaxinario**.

Conceptos clave

Museo - Colección - Xénero artístico - Estilo artístico

Conservación - Restauración - Arquivo - Catalogación - Rexistro - Profesión

Público - Seguridade - Didáctica - Difusión - Creatividade

Para quen?

Un museo polo miúdo é un proxecto deseñado para todos os centros educativos de Galicia. Consideramos que esta proposta resulta especialmente de interese para aqueles colexios ou institutos que por diferentes motivos (como a distancia) lles resulte complexo visitar museos e máis concretamente o de Belas Artes da Coruña.

En canto aos niveis educativos, está enfocado para o alumnado de primaria na súa totalidade, podendo adaptar os contidos e as actividades aos últimos cursos da educación infantil.

Como?

Esta proposta está pensada para facer en colaboración directa cos centros educativos. Estes poderán poñerse en contacto co museo a través da páxina web e así inscribirse no proxecto.

Periódicamente, o museo facilitaralle os materiais correspondentes a cada bloque: un documento con textos e imaxes informativas, vídeos explicativos así como metodoloxías interactivas para traballar sobre os diferentes temas.

A comunicación será clave, mantendo contacto ao longo do curso mediante correos electrónicos cos que enviar a programación e recibir os seus resultados.

Como peche do proxecto, poderase organizar unha visita presencial ao museo.

O proxecto permite unha execución flexible durante o curso, adaptando o ritmo de entrega das actividades ás necesidades de cada centro.

Estructuración do proxecto

Ideas previas. Traballaremos coas ideas previas que o alumnado ten do aspecto e o contido do Museo de Belas Artes da Coruña.

Bloque I. Historia e edificio. Achegarémonos aos inicios da colección, o nacemento do museo, os diferentes edificios nos que se instalou centrándonos nos espazos do actual.

- **Materiais:** As follas de sala, planos e alzados do edificio e un vídeo no que se descubre un dos maiores segredos do museo relacionado coa súa orixe.

Bloque II. Colección. Descubriremos como chegan as obras de arte a un museo, cales conforman a nosa colección, que estilos e xéneros podemos atopar.

- **Materiais:** Audio descritivo dun dos bodegóns da colección e lámina da obra *Gabinete do coleccionista* intervida para traballar sobre ela.

Bloque III. Funcións e profesións. Coñeceremos as diferentes funcións do museo e as labores das persoas encargadas de que se cumpran.

- **Materiais:** Ficha de catalogación adaptada e audio explicativo dunha peza que sirva como exemplo para a tarefa do alumnado como educador/-a dun museo.

Museos imaxinarios. Como peche realizaremos un exercicio final no que plasmaremos moitos dos contidos aprendidos ao deseñar o noso propio museo imaxinario.

Un museo polo miúdo é un proxecto deseñado por
Laura Domínguez Estévez, Sara Fraga Pérez e Lucía Hidalgo Portomeñe
para o Departamento de Didáctica do Museo de Belas Artes da Coruña

